

MANIFESTO ABERTO POLO FEMINISMO NO PSdeG-PSOE

A violencia sexual, nomeadamente o acoso sexual, é unha das múltiples manifestacións da violencia contra as mulleres das máis invisibilizadas e que afecta a 1 de cada 3 mulleres.

Estamos pois ante un mecanismo social que durante séculos tratou de manter as relacións de poder historicamente desiguais para que as mulleres permaneceran nunha posición de subordinación en todos os ámbitos, tamén no político.

Os feitos coñecidos recentemente de acoso sexual e denuncias presentadas na canle interna habilitada polo PSOE contra cargos institucionais e orgánicos socialistas causan estupor, vergoña e unha inevitable desafección cun partido, o noso, que ten o feminismo gravado na súa alma.

Que a compañeira Silvia Fraga dimitira do seu cargo de Secretaria de Igualdade do PSdeG-PSOE despois de ter desenvolvido un traballo exemplar, non nos pode deixar impasibles.

A militancia é moito máis que un carné ou o voto. A militancia socialista é un compromiso vital e un xeito de entender a vida, a xustiza e a democracia. A militancia socialista é responsabilidade.

Por elo, as abaixo aquí asinantes, militantes e mulleres socialistas, queremos dirixirnos á militancia, ás simpatizantes e á cidadanía para manifestar publicamente a nosa posición política conxunta.

Expresamos o noso apoio ás mulleres vítimas de acoso sexual que denunciaron estes comportamentos machistas e delictivos, sabendo que denunciar estas condutas é un acto de valentía que debe contar sempre co respaldo colectivo e institucional.

Queremos deixar ben claro que é imprescindible a transparencia na resolución destas denuncias. Hai que garantir procesos rigorosos e centrados sempre na protección das vítimas.

Ante calquera denuncia de feitos que poidan vulnerar a dignidade ou a integridade das mulleres, a resposta debe ser rápida, clara e contundente, baseada na exemplaridade e na responsabilidade política, especialmente por parte de quen ocupa cargos orgánicos. A tolerancia cero non é un lema, é unha esixencia democrática que non admite excepcións nin matices, e forma parte irrenunciable dos valores socialistas.

Lamentamos fondamente a dimisión de Silvia Fraga, referente feminista, traballadora incansable e rigorosa que desenvolveu a seu cargo con brillantez, coherencia e lealdade ás siglas do PSdeG-PSOE. A súa dimisión é un acto de compromiso feminista co que nos sentimos fondamente representadas.

Queremos tamén defender este traballo e traxectoria fronte a determinadas informacións ou interpretacións que se pretenden deslizar e que non se corresponden coa verdade nin co xeito de Silvia de entender e vivir a política e o feminismo.

Desde a lealdade ao partido e aos seus principios, por suposto defendemos a necesidade de esclarecer os feitos, protexer ás vítimas e preservar a integridade das institucións. Só unha actuación firme, transparente e coherente permitirá

manter a confianza da cidadanía e demostrar que non hai espazo para a impunidade nin para ningunha forma de violencia contra as mulleres.

Non ten cabida ningunha actuación que ampare ou relativice o acoso sexual e o machismo.

Por todo isto, reiteramos o noso **recoñecemento, respecto e apoio a Silvia Fraga**, valorando e agradecendo o seu traballo exemplar e compromiso, ao tempo que **reafirmamos, máis que nunca, o noso compromiso co feminismo e cos valores do Partido Socialista.**

ASINAN:

Inés Rey García

Alicia Rodríguez Esteban

Ana Belén Paz Fernández

Ana Doval Fraiz

Ana Maria Nuñez Alvarez

Ángeles Novo Martínez

Asunción Morgade Rúa

Beatriz Domínguez Blanco

Beatriz Sestayo Doce

Carmen Cajide Hervés

Carmen Hermo Sánchez

Carmen Marón Beltrán

Catalina González Álvarez

Charo Valledor Puente

Charo Vázquez López

Elvira Lama Fernández

Elena Salgado Gómez

Eva Maldonado González

Eva M^a Rivero Álvarez

Eva Varela Cancela

Isabel González Cancela

Laura Seara Sobrado

Lorena Peteiro Vázquez

Lucía Iglesias Rivas

Lucía Picos Aneiros

Manuela Vilaboy Romero

Maica Larriba Garcia

M.^a Mar Piñeiro Otero

María Antonia Fernández Delgado

María José Vales Garaloces

María Debén Alfonso

María del Carmen Lemos González

María José Egea Rodríguez

María Rivas López

María Rosario Huertas Garabana

María Torres Pose

María Vázquez Sande

María Victoria Rodríguez Rilo

Margarita Pérez Fernández

Margarita Pérez Herraiz

Marisol Morandeira Morandeira

Marisol Soneira Tajés

Marta María Iglesias Becerra

Marta Giráldez Barral

Miriam Casás García

Miriam Couceiro Castro

Nerea García Rivero

Nereida Canosa Domínguez

Patricia Domínguez Barja

Patricia Lojo Nine

Patricia Vilán Lorenzo

Paula Campo Barral

Paula García Rivero

Paz Villar Paredes

Pilar López Riobóo

Raquel Martínez Vázquez

Rosa Arcos Caamaño

Rosa Gómez Limia

Sara Díez Freijeiro

Sheila Rial Mata

Sherezade Núñez Rodríguez

Silvia Baranda Fernández

Susana Rodríguez Estévez

Susana Rodríguez Rodríguez

Uxía Oviedo de Dios

Violeta de Santiago Moure

Yoya Blanco Rial